

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E O CONCELLO DE LUGO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE CANINO NESTE CONCELLO

1.- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en adiante CMACC) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme ao establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 42/2024 do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, de 20 de maio, polo que establece a estrutura orgánica da CMACC.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía tal e como define a lei 4/2017 de 3 outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

2- Antecedentes

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN, en adiante) de acordo co artigo 13 do Decreto 137/2024 do 20 de maio, exerce entre as súas atribucións e competencias, a elaboración de normativa e aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía.

Os parques caninos nas cidades son considerados infraestruturas que contribúen á mellora do benestar dos animais, facilitando aos seus propietarios lugares onde posibilitar o cumprimento das obrigas que a normativa establece e facilitarlles o necesario exercicio físico e descanso de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas de especie.

A Xunta de Galicia adopta a medida de crear en colaboración cos concellos parques caninos nas sete grandes cidades galegas.

O Concello de Lugo manifestou o seu interese na colaboración da creación dun parque canino na súa cidade e por tal motivo asinou coa CMACC o día 29/05/2026 un protocolo de colaboración co obxecto de definir o marco xeral de colaboración entre ambas administracións para o fomento do benestar animal, que culminara na construción e entrega ao Concello de Lugo dun parque canino.

3.- Finalidade

Para os efectos de desenvolver a previsión recollida no protocolo asinado, tense previsto formalizar co Concello de Lugo un instrumento convencional por un período de vixencia comprendido entre a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo que ambas as partes acorden unanimemente unha prórroga por un período máximo de dous anos

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia.

4- Obxecto

O Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre CMACC e o Concello de Lugo , que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras dun parque canino na Parcela 10 do Polígono 523 , de titularidade municipal, cunha superficie bruta de 3.746 m² e situada dentro do parque San Xillao, na Ronda das Fontiñas .

Trátase dun espazo público situado dentro dunha zona verde existente habilitada como parque urbano. A parcela acondicionárase como parque canino , dotándoa de mobiliario urbano, iluminación e outras infraestruturas complementarias, como elementos de xogo específicos (Agility) , zonas de descanso, vexetación e outros elementos ambientais (rocas , area..) que permitan a interacción dos animais co medio natural, así como equipamentos (bancos, fontes, dispensadores de bolsas, papeleiras..) e valado perimetral e portas dobres de entrada, co fin de que os cans poidan correr e xogar dentro do parque de maneira controlada.

5- Fundamentos

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A CMACC a través da DXPN de acordo co artigo 13 do Decreto 137/2024 do 20 de maio, exerce entre as súas atribucións e competencias, a elaboración de normativa e aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía tal e como define a lei 4/2017 de 3 outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Existe o interese mutuo das partes que subscriben este convenio de realizar actividades que contribúan á mellora do benestar dos animais facilitando aos seus propietarios lugares onde posibilitar o cumprimento das obrigas que a normativa establece e facilitarlles o necesario exercicio físico e descanso de acordo ás súas necesidades

A Xunta de Galicia adopta a medida de crear en colaboración cos concellos parques caninos nas sete grandes cidades galegas.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio.

Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción o concello de Lugo comprométese a poñer a disposición da CMACC,

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras das actuacións previstas. O Concello como trámite previo á construción da obra aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos.

6- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

(documento asinado dixitalmente)
A directora xeral de Patrimonio Natural

Marisol Díaz Mouteira

